



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS OITENTA E SEIS REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e trinta e cinco minutos do vinte e oito de maio de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Concelleiros/as D. Xulio Barreiro Lubián, D. Xosé Luís Martínez Blanco, D^a. Silvia Díaz Iglesias, D^a. Margarita Caldas Moreira, D^a. Alicia Martínez González, D. José Angel Lodeiro Cancela, D. Angel Moldes Martínez, D^a. Celeste Nieto García, D. Alberto Villaverde Méndez, D. Juan Jose Rodríguez Grandal, D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales, D. Manuel Domínguez Álvarez, D^a. Consuelo Besada Lores e D. Gregorio L. Agís Gómez. Escusan a non asistencia a Concelleira D^a. Lidia Salgueiro Piñeiro e a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

3816.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DO 26 DE MARZO E 7 DE MAIO DE 2013.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta das actas do 26 de marzo de 2013 e do 7 de maio de 2013 solicitándose pola Sra. Besada Lores a seguinte rectificación:

- Na páxina 5 do parágrafo 8 da acta do 26 de marzo de 2013 onde di: "en alusións a herdanza recibida, dicir que cando entrou Fraga " debe: "en alusións a herdanza recibida, dicir que cando entrou o Sr. Aznar".

Non solicitándose ningunha corrección máis estas quedan aprobadas coa petición formulada.

3817- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Dáse conta á Corporación do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que seguen: "3799.- URBANISMO, EXP. 280/12 SOLICITUDE BONIFICACIÓN ICIO PREENTADA POR P.M.B.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e

notificouse á interesada; 3800.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDIA DE LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO ECONÓMICO 2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3801.- ESCRITO DA SCD SAMIEIRA SOLICITANDO A POSIBILIDADE DE NOMEAR A INTERSECCIÓN DO CAMIÑO DO CRUCEIRO E O CAMIÑO REAL, DO LUGAR DE ARÉN COMO "PRAZA AMALITA".- Uniuse certificación do acordo ao expediente e solicitouse informe dos servizos técnicos; 3802.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE A PROL DA CULTURA GALEGA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia e á Consellería de Cultura; 3803.- CONRATACIÓN, XESTIÓN RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, notificouse á empresa concesionaria do servizo e deuse traslado ao Servizo de Contratación do Concello; 3804.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL EN RÚA IGREXA-COMBARRO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3805.- PROXECTO CONSTRUTIVO "NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E Á SÚA RÍA (MARXE DEREITA).- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Servizos do Concello e notificouse ao solicitante; 3807.- DESLINDE DOS TERMOS MUNICIPAIS POIO-PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente; 3808.- INTERVENCIÓN, INFORME CUMPRIMENTO LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE. 1º TRIMESTRE 2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3809.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE DESAFIUZAMENTOS ASINADO O 8 DE ABRIL DE 2013 ENTRE O CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, XUNTA DE GALICIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e remitiuse á Federación Galega de Municipios e Provincias; 3810.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO NÚM. 2/2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Intervención; 3811.- URBANISMO, SOLICITUDE BONIFICACIÓN NA COTA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) PRESENTADA POR MC.C.U, EXP.375/2012.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado ao Departamento de Intervención e notificouse á interesada; 3812.- TESOURERÍA, ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN DE INTERCAMBIO AEAT-FEMP EN MATERIA DE INTERCAMBIO DE INFORMACIÓN TRIBUTARIA E COLABORACIÓN NA XESTIÓN RECADATORIA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Tesourería; 3813.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VÍAS EN RÚA VILARIÑO NO LUGAR DE VILARIÑO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse ao Servizo de Estatística e notificouse aos interesados; 3814.- PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN E ROTULACIÓN DE VÍAS EN CAMIÑO OS CHANS NO LUGAR DE ARÍS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitiuse ao Servizo de Estatística e notificouse aos interesados; 3815.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO AOS AFECTADOS POLAS PREFERENTES E SUBORDINADAS. - Uniuse certificación do acordo ao expediente e comunicouse á Presidencia do Goberno do Estado e da Comunidade Autónoma."

A Corporación dáse por enterada.

3818.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta das resolucións da alcaldía ditadas desde o último pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos da

orde do día.
A corporación dáse por enterada.

3819.- INTERVENCIÓN, RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2013.- Dáse conta do expediente tramitado polo Departamento de Intervención e que foi sometido á consideración da Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na súa sesión ordinaria realizada o 20 de maio de 2013 e que di o que segue: " Dáse conta do expediente e da Proposta da Alcaldía de data 10 de maio de 2013 na que se propón o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 3 do exercicio que consta de facturas correspondentes ao exercicio 2012 as cales non foron presentadas no Concello ata o mes de abril e maio de 2013, aínda que pertencen a servizos prestados no exercicio 2012 e que ascenden a un total de 1,157,19 euros.

A interventora municipal explica o contido do expediente indicando a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos pola existencia de facturas correspondentes ao exercicio anterior as cales non foron obxecto de aprobación no mencionado exercicio por ter entrada no rexistro de facturas do exercicio 2013, existindo crédito suficiente nas aplicacións correspondentes.

A Comisión por unanimidade de asistentes acordou ditaminar favorablemente dito asunto e propor ao Pleno a adopción dos seguintes acordos: 1º) Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por un importe total de 1.157,19 € e 2º) Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo as aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito."

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación polo voto favorable dos dezaseis membros presentes sendo dezasete o seu número legal de membros aprobou o ditame emitido pola Comisión Informativa adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o recoñecemento das facturas obxecto do presente expediente por un importe total de 1.157,19 €.

Segundo: Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2013, os créditos mencionados con cargo ás aplicacións que corresponden nas cales se efectuou a correspondente retención de crédito.

Terceiro: Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención para os trámites que procedan.

Sendo as dezanove horas e corenta e tres minutos e antes de comezar co tratamento do asunto número 3820.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2013: CRÉDITO EXTRAORDINARIA FINANCIADO CON BAIXAS NOUTRAS APLICACIÓNS., que figura na orde do día, o Sr. Alcalde, Luciano Sobral Fernández e tras a previa petición para intervir, cede a palabra á representante da Plataforma de Afectados das Preferentes e Subordinadas, presente na sesión quen de forma similar ao acontecido na sesión ordinaria convocada para o trinta de abril de 2013 impón aos membros corporativos que proceda a suspender a sesión plenaria por considerar que o único tema

importante a tratar polos concelleiros debe ser a súa situación e medidas a adoptar para solventala.

A continuación toma de novo a palabra o Alcalde para indicarlles que para a comunidade veciñal é importante que xunto co seu problema, poda debaterse e adoptarse os acordos correspondentes sobre os restantes puntos incluídos na orde do día.

Ábrese a continuación un tenso debate en relación ao grao de cumprimento das actuacións comprometidas polos concelleiros dende o trinta de abril, proferíndose por parte do público asistente expresións pouco respectuosas para o os concelleiros e funcionarias presentes na sesión.

Tras unha interrupción de máis de trinta minutos, o Presidente tras suscitar a opinión dos concelleiros/as presentes na sesión, decide suspender a sesión.

A secretaria solicita o uso da palabra ao Alcalde para facer exercicio da facultade prevista no art. 94.3º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, deixando constancia do deber de requirir ó Alcalde para que celebre e respecte os plenos ordinarios xa que por segunda vez, a primeira a petición da voceira da plataforma de afectados polas preferentes e accións subordinadas, se está a privar dunha das labores fundamentais encomendadas ao pleno, como é o control e fiscalización da acción de goberno.

Sendo así as vinte horas e vinte minutos do vinte e oito de maio de dous mil trece, o alcalde suspendeu a sesión sen que se chegase a adoptar acordo ningún correspondente ao punto 3820, levantándose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Visto e praxe
O Alcalde,

A secretaria

O Alcalde

Paula Ramos Díaz